

Resolución do Tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo extraordinario da Axencia Turismo de Galicia, convocado pola Resolución do 28 de decembro de 2022 (DOG núm. 248, do 30 de decembro), pola que se fan públicos a data, a hora e o lugar de realización dos exames das prazas de Profesor/a de Hixiene, Dietética e Nutrición (grupo I) e Profesor/a de Prácticas do Departamento de Servizos (grupo II), para as persoas admitidas nas listas definitivas (DOG núm. 117, do 21 de xuño de 2023).

En sesión que tivo lugar o 4 de outubro de 2023, o Tribunal nomeado pola Resolución do 5 de maio de 2023 (DOG núm. 92, do 15 de maio) para os efectos de darlle cumprimento ao disposto no apartado III.1 das bases que rexen o proceso selectivo extraordinario de estabilización, aprobadas mediante a Resolución do 28 de decembro de 2022,

ACORDA

Primeiro.- Facer público, a través do portal web corporativo, o día, a hora e o lugar de realización das probas escritas, tipo test, das prazas de Profesor/a de Hixiene, Dietética e Nutrición (grupo I) e Profesor/a de Prácticas do Departamento de Servizos (grupo II), que terán lugar, de maneira simultánea, **o xoves, 16 de novembro de 2023, ás 16.00 horas, na sede do Centro Superior de Hostalería de Galicia** (A Barcia. Estrada Santiago - Noia km. 3, 15896 - Santiago de Compostela).

Segundo.- Facer público, a través do portal web corporativo, os seguinte criterios decididos polo Tribunal para a superación das citadas probas:

Para a cualificación do exercicio como apto, a persoa aspirante **deberá acadar o 50% do total da puntuación máxima prevista para a proba tipo test**, considerando o que establecido nas bases, segundo a praza en cuestión:

Para a proba da praza de **profesor/a de Hixiene, dietética e Nutrición**, que de acordo ás bases da convocatoria terá 75 preguntas e un máximo de 40 puntos, **haberá que acadar un mínimo de 20 puntos coa superación de 37 preguntas netas**, tendo en conta que cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

Para a proba da praza de **profesor/a de Prácticas do Departamento de Servizos**, que de acordo ás bases da convocatoria terá 50 preguntas e un máximo de 40 puntos, **haberá que acadar un mínimo de 20 puntos coa superación de 25 preguntas netas**, tendo en conta que cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

Terceiro.- As persoas aspirantes deberán presentarse ao exercicio provistas do **NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno**, que a xuízo do Tribunal, acredite a súa identidade. Non se permitirá o acceso á aula en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario

José Carlos Fernández-Barja Martínez

Vº e Prace
O presidente

Antonio Casas Calviño

